



SECRETARIA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 15 DE MAIO DO 2023.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o quince de maio do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás nove horas, dando comezo ás nove horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López e D^a Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora accidental: María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o Tenente Alcalde D. Ibán Torres Rodríguez e os concelleiros D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Roberto Eireos Saez.

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- DECLARACIÓN DA URXENCIA

Procédese a votación da urxencia cos dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto.

SEGUNDO.-BONIFICACIÓN ICIO KERN PHARMA

Transcríbese a proposta da Alcaldía:



SECRETARIA

“Vista solicitude presentada en data 11.05.2023, RE (2023/10004), KERN PHARMA, S.L, B58296773, na que solicita lle sexa aplicada na cota do imposto a bonificación do 95% recollida no artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto informe de data 12.05.2023 asinado por a Tesoureira Municipal e a Técnica de Rendas.

Logo de comprobar o artigo 7.B) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

“b) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de nova implantación de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte de Lemos, e na Zoa do Porto Seco

Considerarase obras de nova implantación aquelas que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A estes efectos, non se considerará que produciuse o inicio do exercicio da actividade dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

B1) 95% pola creación de 6 ou mais postos de traballo

B2) 80% pola creación de 5 postos de traballo

B3) 70 %pola creación de 4 postos de traballo

B4) 60% pola creación de 3 postos de traballo

B5) 50% pola creación de ata 2 postos de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea

- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

*No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses
Acta pleno extraordinario e urxente 15.05.2023*



SECRETARIA

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno por voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo normativa vixente.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*Vistos os datos expostos, **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:*

DECLARAR a concesión dunha bonificación do 95 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras recollida no artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras á empresa KERN PHARMA, S.L, B58296773.

Ao tratarse dunha bonificación do 95% pola creación de 6 ou máis postos de traballo, ao non poder xustificarse no momento da concesión da licenza a creación de novos postos de traballo , terá:

- *Que xustificarse a creación no prazo máximo de 6 meses dende o momento da alta da actividade no imposto sobre actividades económicas.*
- *E deberá manterse por un prazo igual a dous anos."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que votaron en contra da urxencia porque lles gustaría que lle explicasen o motivo da urxencia. Sempre votou a favor das urxencias, porque cren que 15 días antes das eleccións facer un pleno que lle costa aos monfortinos 1.000,00 euros para conceder a bonificación do ICIO, polo tanto van votar a favor da bonificación e que se axilicen os trámites para implantar empresas no noso polígono, pero gustaríalle que se fixese a mesma celeridade para outras persoas. O propio sería que a empresa pagara o importe e despois o pleno acordara a bonificación e se lle devolverá a mesma.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles queren felicitar por esa medida que levan de xestionar a ronda urbana, e despois gustaríalle falarlle aquí do tema da urxencia, están asustados neste tema como ben dixo o seu compañeiro do Grupo Mixto, porque hai xente que ao mellor con seis empregos tardan un ano, hai o tema de Prodeme, ata chegar ao punto de que ese ICIO non se devolve, e resulta que KERN PHARMA, o xoves presentan a solicitude as 4 da tarde ás 9:15 xa está o pleno urxente, e ás nove da mañá non é un horario normal para que un traballador poida vir, non se van empezar as obras, e importante que lle conceda pero non é tan urxente.

O bus urbano é gratuito porque o pagan todos os monfortinos.



SECRETARIA

Xusto hoxe que é o único día que non está a policía municipal. É increíble que veñan aquí a amenazar e despois o fan vostedes que están incumprindo o tema das pancartas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a urxencia ven dada para eles é un caso prioritario absoluto, vostede fala doutras licenzas, aquí as licenzas de obras menores danse en quince días, e as outras como moito en dous meses, vaia mirar noutros Concellos canto tardan en dar as licenzas. Isto non é verdade, dende que rexistras ata que o tes completo non empeza contar o tempo, segundo, o concello non está de campaña D. Emilio, a administración non está en eleccións, en campaña están os partidos, se quere paralizan o concello a ver que din os cidadáns. Dille a D. Germán que se alegra moito que leva a ronda urbana, vostede non ten opción ningunha a pódela levar a cabo e eles sí, esa é a diferenza, cando se poñen a facelas as cousas as fan. Non se trata de levala nun papeliño o importante é facer as cousas. A Prodeme non se lle debe nada, e non todo é aplicable a todo en todos os sitios, hai aquí cousas en Monforte que sacaron licenza para unha cousa e non se pagou o que había que pagar, que quere que lle diga D. Germán, e logo fala dun camiño que lle afecta a vostede, ese camiño se arranxará non se preocupe vostede. Para quitar unha nota de prensa non é necesario convocar un pleno. Pregunte vostede se chamou a prensa ao concello ou nós a eles. Vostede mire ao redor cando o poñen os plenos, algúns os poñen as 9 da mañá. Fala vostede do bus urbano, claro como todas as cousas que se fan, o alcalde o que fai é xestionar os servizos públicos, por certo apareceu a policía, chegou tarda, trátanse con normalidade as cousas. É primeira cidade de España que ten ese servizo gratuito para todo o mundo, e xa lle di que haberá outro servizo gratuito. Avisar non é ameazar, eles non ameazan nunca, senón que advirten.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se fala de veciños que necesitan esas licenzas, pero se iso acontece xa lle dirá cales son. De feito hoxe, polo que puido saber na prensa van aprobar na Xunta de Goberno van aprobar os trámites para esa Praia fluvial , para saber onde vai ser como vai ser, para dicirlle aos veciños se se vai expropiar , eles reiteran o voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez queda faltal que diga que lle vai facer un camiño a el ese é un camiño público. Tampouco ten moi claro o da Praia fluvial. Falando de ameazas e insultos, gustaríalle pedirlle que el non amenazou ao Sr. Secretario, non lle berrou ao Sr. Secretario, ten claro que o ten gravado, el non insulta a ninguén e non ameaza, e ten o mesmo rigor, vostede vai facer un camiño público non para el, cando vostede non governe, moita xente non se vai lembrar de vostede.

Intervén o Sr. Alcalde en relación co tema da zona de baño, hoxe se vai iniciar este expediente do que vostede fala. Queren seguir traballando ata lle deixen os cidadáns con rapidez e mellorando o concello de Monforte, vostede pode pedir o expediente porque haberá soamente o acordo da Xunta de goberno. E logo di vostede D. Emilio que hai que dicirlle aos veciños donde, os veciños o saberan a tempo.

Fala de firmas que piden un lugar concreto para zona de cans, e hai outros que din que nesa zona non a queren.

De momento van facer as bases para ese expediente para licitar, a elaboración dun plan especial porque hai dotación de solo rústico, porque así o di a Lei do Solo rústico.

Dille a D. Germán que o único responsable do seu comportamento é vostede, vostede é un faltón, el nunca dixo que é vostede un mentiroso, pode dicir que niso mentiu, e que é un



SECRETARIA

sinvergüenza tampouco. Así que vostede se comporta faltando á xente, eles non discriminan, outro cousa é quen queira algún privilexio e se senta discriminao. Claro que se trata a todo o mundo por igual, di que é mentira o que di. E logo tamén que teñan a pouca vergoña de quitar aquí o tema de Pacadar, agora mesmo que hai contratado a redacción do plan parcial que pediron á deputación de lugo de cando se iniciou a tramitación fai anos, e había un documento asinado polo alcalde do Concello que non podía sanear, como se frenaron as cousas. Di vostede que non vai facer a ponte do Malecón, tardará o que tarden os permisos, aquí non se estropea nada do Malecón, onde está a pasarela non hai césped, non hai nada que estropear, mentira non haberá máis tráfico no centro, se quita o tráfico do centro iso o din os informes. E o da praia fluvial exactamente igual o que tarden os permisos porque se necesitan dous permisos, fai falla un permiso de Confederación e de Medio Ambiente. Estes dous proxectos o da ponte e o da praia, e agora que se toma a iniciativa de facela.

O alcalde da datos do importe do ICIO e do importe da bonificación do 5%.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e un minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pce.

O Alcalde,